

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

A cualificación máxima (10 ptos.) distribuirase do seguinte xeito:

**1ª parte: MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL** **2,5**

Avaliarase a comprensión epocal de acordo cos contidos propostos pola “cuestión contextual”.

**2ª parte: COMPRENSIÓN TEMÁTICA** **6**

(Trátase de avaliar os coñecementos sobre o autor centrándose na temática formulada e, en relación con esta, na comprensión do texto.)

**3ª parte: CUESTIÓN TRANSVERSAL** **1,5**

Distribuídos consonte aos seguintes criterios e proporcións:

— Cuestión transversal ..... **1,5**

— Comentario persoal ..... **[0,5]**

(Trátase de avaliar a **capacidade do alumno/a** para situar a cuestión temática no **horizonte global da Historia da Filosofía**.)

Hai que contar coa posibilidade de que un/unha alumno/a poida introducir algún comentario persoal atinado que poña en evidencia a súa comprensión. Os comentarios persoais que o/a alumno/a poida eventualmente facer, se son pertinentes e atinados, poden ser avaliados ata 0,5 ptos. Isto é: ao/á alumno/a que introduce comentarios pertinentes e atinados outorgaríanselle **0,5 ptos.**, que se sumarían á cualificación parcial que merecese a resposta á cuestión transversal.

Todas estas cualificacións **presupoñen** que estamos diante dunha composición unitaria, ben estruturada, correcta desde o punto de vista sintáctico, escrita con pulcritude, respectando escrupulosamente a normativa ortográfica, usando o léxico axeitado e poñendo en evidencia unha boa comprensión dos conceptos concernidos. Así pois, a corrección deberá tomar en conta os seguintes aspectos:

1. Orde e articulación da composición.
2. Corrección ortográfica e gramatical.
3. Riqueza léxica.
4. Precisión conceptual.

— Entre os “defectos de composición” débese **penalizar o recurso abusivo a esquemas e cadros** que claramente pretendan substituír a exposición verbal, respectando, claro está, aqueles esquemas ou cadros que, sen eludir a redacción, estean oportunamente introducidos como complementos da mesma.

— O carácter unitario da exposición non se desprende da mera ausencia de compartimentación, senón que se refire á **efectiva estruturación unitaria**.

— **No tocante á corrección ortográfica e gramatical** debemos ser tolerantes cos erros eventuais achacables ás circunstancias propias dun exame. Tamén podemos interpretar con lasitude erros particulares e reiterativos (incorreccións ortográficas limitadas en tal ou cal expresión, construción defectuosa de tal ou cal estrutura gramatical). Temos, iso si, que prestar atención ao teor xeral do exercicio, sobre todo á combinación de reiteración e diversidade nas incorreccións ortográficas, revelando grave descoñecemento e/ou desidia, así como á incapacidade para manter un nivel xeral de corrección gramatical.

— **No que atinxe ao uso do léxico e mais á comprensión conceptual** tense que ser **rigoroso con aqueles termos e conceptos que resulten esenciais para a comprensión do texto e das cuestións formuladas, así como para a correcta elaboración das respostas**. Debemos penalizar os defectos expresivos que denoten carencias discursivas graves dentro do nivel esixible para unha persoa que aspire a acceder á Universidade.